

IES MURALLA ROMANA

Grupo poético “OS FALANGUEIROS”, 3º ESO.

Ti es o meu amigo,
sempre quero estar contigo
Que leda estou!

Ti es o meu fiel compañeiro,
sempre te quero ver primeiro
Qué leda estou!

Sempre quero estar contigo
para que me digas cousas ao oído
Qué leda estou!

Sempre te quero ver primeiro
para que teñamos amor verdadeiro.
Qué leda estou!

Golfiños que estades no mar,
quero falar co amigo de Xibraltar
Alegría, alegría!

Gaivotas que voades no ceo
quero falar co amigo dando un paseo
Alegría, alegría!

Quero falar co amigo de Xibraltar
E con el poder rir e cantar
Alegría, alegría!

Quero falar co amigo dando un paseo
e con el poder resistir este mareo
Alegría alegría!

SOÑO

Soño que me tirei pola ventá dunha casa descoñecida.

Soño que estou con amigas nun campo inmenso e sen saída

Soño que me explota un microondas no que tiña posto un trapo. Por iso nunca meto un trapo no microondas

Eu non me acordo do que soño.

Eu soño que me caen os dentes e pouco a pouco quedo desdentada

Soño co verán en Pontevedra vexo praia, amigos, festa...

Soño que me caio dun edificio moi alto entón esperto con medo a morrer

—

medo

intriga

diversión

angustia

impresión, pero non medo.

O POEMA DA XERACIÓN Z

pedazo poema

—Tía, adiviña a quen estalqueei hoxe

Vas flipar vaste quedar loca

Stalkeando o meu amigo!

–Tía, non me rayes e o teu crush?

que viches? que deu un glow up?

Stalkeando o meu amigo!

–Sí, tía, deu un cambio moi tocho

ti cres que teño que meter ficha?

Stalkeando o meu amigo!

–Sí, tía, pero vai de chill que é boque

aínda que sei que te pillaches moito.

Stalkeando o meu amigo!

–Tía, como lle podo meter ficha?

Eu non quero ser cutre, teño medo a que me rechace

Stalkeando o meu amigo!

–Tía, cando vaíamos á clase xa falamos diso

lol que nervios, pero teño moi boas vibras.

Stalkeando o meu amigo!

O vestido Domina o enlace co contrario.
As vendedoras de música van **COIDARTE**
Lugo está en contra da violencia machista
NOVEMBRO repartirá paz Mundial por autopistas
nós. DIXEMOS Que a túa. trama esconde problemas
PROMETO non Gastar razóns contra a vida
6.133 casos activos en Galicia Non te esquezas! 25N

Ninguén defende a bomba como Lugo
importante loitar crer e perder
A historia, leva a VOZ do planeta
a eclipse macarra despedirá o Mundial
Fixen Que queiras. morrer en Galicia

O grupo poético “OS FALANGUEIROS” está composto polo alumnado de 3º ESO:

Aroa Arias Diaz

Fátima Ezzhara Boukari Boukari

Lois Castro Garea

Ananda Cybelle De Sousa Fontinelli

Adrián Dobarrio Petre

Saray Fernández Sousa

Marwa Hadami

Salavador Montoya Montoya

Nerea Silva Portelia